

## DECRETO PARA AMPLIAR O PRAZO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO DESFILE DE CARROZAS E COMPARSAS DO ENTROIDO 2020

### ANTECEDENTES:

Vistas as bases reguladoras do Desfile de carrozas e comparsas do Entroido 2020 publicado no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra o 4 de febreiro de 2020

Visto que as citadas bases, no punto 4 establece que a o prazo para presentar as solicitudes remata o 13 de febreiro de 2020.

Visto o artigo 32.1 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común polo que a administración pode ampliar os prazos se as circunstancias o aconsellan, e tendo en conta a demanda de participación de outras comparsas non inscritas.

Visto que non ocasiona ningún prexuízo aos grupos xa inscritos, xa que as cantidades que perciben son en función do número de participantes na súa comparsa

Visto que hai crédito suficiente para a inscrición de mais comparsas,

En base das facultades conferidas na vixente lexislación, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a ampliación do prazo para presentar as solicitudes para a inscrición no Desfile de carrozas e comparsas do Entroido 2020

SEGUNDO. Establecer como nova data límite para presentar as solicitudes o 19 de febreiro de 2020

TERCEIRO. Publicar este Decreto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ponteareas e na páxina web do Concello.

CUARTO. Dar traslado desta resolución e ás partes interesadas

Ponteareas, asinado dixitalmente,

MARÍA JESÚS GARROTE REPRESAS (1 para 2)  
2ª Tenente de Alcalde, por substitución  
Data de Sinatura: 14/02/2020  
HASH: ce16a33619c2c9b814d258c3c5696179



Sello de Órgano Secretaría (2 para 2)  
Concello de Ponteareas  
Data de Sinatura: 14/02/2020  
HASH: 3fb63afaf18ff0f17d40ecf62aa591233



DECRETO

Número: 2020-0649 Data: 14/02/2020



Cod. Validación: 7MR3ZCV657T5K7SVINC3R3EQ46P | Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPublico | Páxina 1 a 1